

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruiz, María Isabel  
Lago Ferreiro, Alfonso  
Lantarón Caeiro, Eva  
Lesmes Romero, Yolanda  
Miguez Tabarés, José Luis  
Pozo Triviño, María Isabel del  
Reboreda Morillo, Susana  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rodríguez Rajo, Francisco Javier  
Rubio Armesto, Belén  
Valcárcel Fernández, Patricia  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Cruz González, María Montserrat  
Currás Valle, Consuelo  
Díaz Redondo, Rebeca Pilar  
Formella, Arno  
García Cutrín, Francisco Javier  
García Fontán, María Soledad  
Michinel Álvarez, Humberto Javier  
Pardo Froján, Juan Enrique  
Pérez Vázquez, María Consuelo  
Río Otero, Coral del

### PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada  
Araujo Nespereira, Pedro Antonio  
Arévalo Tomé, Raquel  
Durán Barbosa, Rafael  
López Ardao, Jose Carlos  
Montero Reguera, José Francisco  
Paz Penín, María Concepción  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Ruiz Hidalgo, María del Carmen  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

### ESTUDANTES

Abelleira Acebedo, Pablo  
Diz Folgar, Manuel  
Fernández Simoes, Miguel  
Lima González, Estela

### PAS

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Larriba Leira, Elvira  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel  
Pazos Currás, Marta María

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Barreiro Rodríguez-Moldes, M<sup>a</sup>  
Covadonga  
Lopez Mira, Álvaro Xosé  
Peña Gallego, María de los Ángeles  
Rodríguez Domínguez, María del  
Mar

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 30 de outubro de 2023, convocada para ás 9:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 30 de outubro de 2023 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de setembro de 2023.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, das bases para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria das prazas correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador nas ofertas públicas de emprego (OEP) da Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.
5. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2024/25.
6. Aprobación, se procede, do teito de horas destinado a actividades de xestión e apoio nos centros/campus para o curso 2024/25.
7. Aprobación, se procede, do plan de formación do novo profesorado 2023/25.
8. Aprobación, se procede, da modificación do manual DOCENTIA segundo protocolo ACSUG.

9. Aprobación, se procede, da normativa sobre Programas Académicos con Percorridos Sucesivos no ámbito da Enxeñería e da Arquitectura.
10. Aprobación, se procede, das modificacións da normativa de sinatura científica.
11. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria de produción de investigación e transferencia do ano 2023.
12. Aprobación, se procede, dos parámetros de ponderación da proba ABAU para o curso 2024/2025.
13. Aprobación, se procede, do nomeamento dun novo membro na Comisión de mobilidade internacional no sector de responsables de Relacións Internacionais dos centros da Universidade de Vigo: María del Carmen Otero Neira.
14. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de Convivencia e Bo Goberno: 2 PTXAS.
15. Elección de representante na Comisión de Investigación e Transferencia delegada do Consello de Goberno: 1 PDI.
16. Quenda de intervencións.

**1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de setembro de 2023.**

O reitor indica que non se presentaron observacións ás actas e pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

**2. Informe do reitor.**

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- CEISHMA: por renuncia de Óscar Veloso, substitúese a Secretaría, que pasa a ser ocupada por Silvia Varela Martínez, profesora contratada doutora no Departamento de Didácticas Especiais.
- Xosé María Gómez Clemente: hai que darlle as grazas polo traballo desenvolvido, que leva moito tempo traballando arreo pola lingua de Galicia. O reitor amosa o seu agradecemento polo traballo nas probas Abau, e de agradecer o seu labor. Sufriu un ataque sumamente inxusto, e o reitor amosa o máis sincero agarimo, xa que Gómez Clemente fixo un esforzo ímprobo durante toda a súa vida.
- 33 persoas da Uvigo, entre os máis citados no ranking de Stanford.
- Implantación de Sigma: solucionados a meirande parte dos problemas, pasamos a implantación do módulo de prácticas curriculares. TFGs e TFM.
- Premios de Investigación Galicia 2023.
- David Posada, medalla Ángeles Alvariño González.
- Fernando Obelleiro, medalla Isidro Parga Pondal.
- Anxo Angueira, elixido membro da Real Academia Galega, cun currículo que é un orgullo.

- José Benito Vázquez Dorrío, docente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, foi recoñecido co Premio Ensinanza e Divulgación da Física da Real Sociedade Española de Física e a Fundación BBVA.
- África González, recoñecida co galardón de membro de honra distinguido do ICCT.
- Tomás Aparicio, estudante na Uvigo no Dobre Grao en ADE-Dereito, campión mundial de oratoria en castelán.
- O profesor Pedro Araujo, elixido decano da Facultade de Ciencias, a quen o reitor lle dá os parabéns.
- O Mestrado en Xestión Empresarial do Deporte da Universidade de Vigo sitúase no ranking internacional como segundo máis valorado de Europa e no posto 13 no ámbito mundial.
- A Facultade de Dirección e Xestión Pública afonda na súa proxección internacional coa sinatura dun convenio do Colegio de Jalisco.
- A empresa CENTUM doou equipamentos VPX á Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. Aspiramos a ir construíndo un laboratorio que coordine a docencia e a investigación neste ámbito.
- Avances significativos na colaboración co Concello de Pontevedra, incluíndo a cesión definitiva da parcela de Tafisa para a construción da Facultade de Deseño e de Dirección e Xestión Pública.
- Presentación do informe sobre sustentabilidade e medio ambiente, publicado xa no Portal de Transparencia. Cun investimento por enriba dos 5 millóns de euros, na súa meirande parte achegados pola Xunta de Galicia e outras institucións, supuxo unha diminución do 26% na pegada de carbono da Uvigo entre 2018 e 2022, ademais de importantes aforros económicos.
- O Consello Social impulsou un estudo sobre o impacto económico da actividade da Uvigo, realizado polos profesores Andrés Mazaira e Isabel Diéguez.
- Reuniuse o Consello do Campus de Pontevedra, coa vista posta nas mudanzas necesarias para a acreditación do Campus CREA e o seu novo plan estratéxico.
- Reuniuse o Consello do Campus de Ourense, coa ampliación do campus como prioridade para os vindeiros meses.
- En canto a temas de igualdade, o reitor informa de que xa está en marcha o punto lila virtual, ademais dos puntos lila físicos. E xa está en marcha a nova convocatoria para os centros que queiran acadar o Distintivo de Igualdade.
- Fíxose unha Xornada organizada polo CINTECX sobre a incorporación da perspectiva de xénero nos eidos tecnolóxico e industrial.
- Pont-up Store celebra os seus primeiros dez anos de contribución a espallar o espírito emprendedor.
- CES Uvigo, un grupo de alumnado co apoio de varias empresas e institucións, presentou o barco solar que aspira a competir internacionalmente.
- III Edición da G-Night, no edificio Redeiras.
- Presentación do terceiro informe STOP Machitroles da Cátedra Feminismos 4.0.
- Xornadas de captación de estudantado na lusofonía en Brasil.
- ECOBAS: consolídase como un centro interuniversitario de excelencia nas ciencias sociais, con especial énfase na economía.
- Lanzamento do proxecto europeo FARCLIMATE, liderado polo profesor Pablo Cabanelas, cunhas achegas totais de 4.6 millóns de euros.
- O reitor dá as grazas a atlantTic polo premio á mellor tese doutoral, en memoria de Manolo Ramos e de Fernando Isasi.

- A Uvigo participa nun proxecto europeo sobre mellora da sostibilidade e resiliencia das redes de transporte e loxística.
- A Uvigo impartiu un curso para axudar e animar as empresas a participar en proxectos europeos, dado que temos experiencia ampla neste ámbito, e cada día mais crecente.
- A cátedra de Idadismo convocou un concurso de vídeos sobre a temática, coa idea de mellorar o coñecemento desta problemática.
- O proxecto Desafíos do Océano do Campus do Mar, seleccionado pola FECYT como exemplo de excelencia en divulgación científica.
- Quinta edición do programa META da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.
- Congreso Internacional celebrado na Facultade de Historia de Ourense centrado no papel dos viaxeiros no antigo Exipto e Próximo Oriente.
- Xornadas EuroOcean 2023: tratáronse as políticas de desenvolvemento sustentable, os plásticos e o medioambiente.
- Sinatura do contratos-programa cos centros CIGUS da Uvigo: CINBIO; CIM e atlantTic.
- O Cluster de Biomasa, nas xornadas sobre enerxías renovables na Uvigo, interesado nas investigacións da Escola de Enxeñaría Forestal e no Plan de sustentabilidade da Uvigo.
- Entrega dos premios de emprendemento dentro da rede EUSUMO.
- A Xunta concédelle axudas por 140.000 euros á Universidade de Vigo para distintas tarefas relacionadas co emprendemento.
- Xornada dirixida ao estudiantado da Escola de Enxeñaría Forestal e da Facultade de Deseño sobre os usos da madeira de piñeiro.
- O Campus de Ourense acollerá o Congreso Internacional sobre patrimonio cultural inmaterial e educación.
- Nun acto organizado pola Cátedra Telefónica entregáronse os premios Hack for Good e de innovación sustentable e debateuse o papel do talento, a innovación e a empregabilidade no futuro de Galicia.
- O reitor tamén indica que se está levando a cabo unha campaña “Galego de Tranquis”. O neofalantismo, clave da nova campaña de fomento do uso do galego, da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e a Área de Normalización Lingüística, facendo que se sintan cómodos os que se inician no uso do galego.
- O Campus de Ourense sumouse á celebración do centenario do Seminario de Estudos Galegos.
- Publicación en Science dos achados dun grupo internacional liderado por Eduardo Méndez Quintas (Universidade de Vigo) e Margherita Mussi (Universidade La Sapienza de Roma) no que se inclúen os restos máis antigos coñecidos ata o momento da especie Homo erectus: o fragmento mandibular dun individuo infantil, denominado Garba.
- Visita da conselleira de Industria ao CINTECX, ao que puxo como exemplo de transferencia ao sector produtivo.
- O Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais recibiu a visita do Instituto Max Planck de Gravitación.
- A Uvigo en Termatalia, que tivo lugar este ano en Uruguai, coa presenza do Presidente do País, Luis Lacalle.
- A Uvigo, recoñecida co premio especial da Armada 2023, polo traballo feito en temas de docencia, investigación e transferencia, así como pola colaboración institucional.
- A Uvigo é a primeira universidade en asinar un convenio con CIRCOM, que reúne ás televisións autonómicas europeas. O grupo do profesor Rúas fará unha avaliación da adaptación dixital das televisións do consorcio e o seu papel na loita contra a desinformación.

- Foron convocados por vez primeira os selos para graos de excelencia.
- A Xunta achega máis de 3.7 millóns de euros á Uvigo para accións estratéxicas de I+D+i.
- A Universidade de Vigo segue a mellorar non rankings, neste caso no THE (Times Higher Education), World University Rankings, Agora estamos no posto 801-1000. O reitor felicita a toda a comunidade universitaria por todos os éxitos, concretando a cualificación otorgada nos diferentes ámbitos:
  - Arts&Humanities 501-600.
  - Engineering and Technology 601-800.
  - Life Sciences 401-500.
  - Physical Sciences 601-800.
  - Social Sciences 501-600.
  - Business and Economics 601-800.
  - Computer Science 601-800.
- Na publicación do ranking ARWU (Shanghai) de materias, a Universidade de Vigo destaca co posto 15 en Food Science & Technology, Oceanography 151-200, Agricultural Sciences 201-300, Pharmacy&Pharmaceutical Sciences 201-300, Atmospheric Science 301-400, Biotechnology 301-400, Ecology 401-500.

Remata o informe ás 10.30.

### **3. Aprobación, se procede, das bases para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria das prazas correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador nas ofertas públicas de emprego (OPE) da Universidade de Vigo.**

O reitor cede á palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, que informa do seguinte:

- Mantense de xeito similar á convocatoria de 2023, con prioridade para as persoas que gañaron a consolidación investigadora de 2022.
- Convócanse as nove prazas que sobraron das da OPE de 2022.
- Inclúese tamén a acreditación R3, que este ano foi novidade.
- Modificouse o de levar un ano sen a dita relación contractual nos programas recoñecidos.
- Transformáronse a profesorado titular interino (agás os Ramón y Cajal que gañaron a consolidación no ano 2022).
- Aprobouse por unanimidade na mesa de negociación do 24 de outubro de 2023.

Apróbase por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, que expón a situación derivada da LOSU, polo que respecta a dedicación docente do profesorado:

- O artigo 75 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, refírese ao réxime de dedicación docente do profesorado funcionario a tempo completo. Establece que a actividade docente ocupará un máximo de 240 e un mínimo de 120 horas lectivas por curso académico dentro da súa xornada laboral anual. Este réxime enténdese aplicable ao PDI permanente tanto en réxime funcional como laboral ou ás figuras en réxime de interinidade asimilables a cada unha delas.

	0 sex	1 sex	2 sex	3 sex	4 sex	5/6 sex
≥ n-7	240	240	200	160	160	160
n-8	240	240	240	200	160	
n-9		240		240	200	
n-10			240	240		
≤ n-11		240	240			

\* n: ano de inicio do curso académico

\* Tomarase como ano de referencia dun sexenio o da convocatoria na que se solicite.

- Ademais, o citado precepto determina que as universidades poderán modificar este intervalo en diversos casos, así: para corrixir as desigualdades entre mulleres e homes derivadas das responsabilidades do coidado de persoas dependentes; para facela compatible co exercicio de cargos unipersoais de goberno e coas tarefas de responsabilidade en proxectos de interese para a universidade na forma na que determinen os Estatutos; ou para permitir as tarefas do profesorado que represente os intereses dos empregados e empregadas públicos.
- De acordo co anterior, a presente normativa establece os límites da dedicación docente que rexerán na Universidade de Vigo no curso académico 2024/2025.
- A dedicación docente máxima do profesorado permanente a tempo completo así como das figuras en réxime de interinidade asimilables este profesorado será de **240 horas**.

Intervén Inmaculada Anaya. Agradece ao reitor e ao equipo de goberno, xa que a normativa de dedicación e recoñecementos docentes modificouse con sensibilidade e xenerosidade. É certo que a LOSU fixa un solo mínimo, pero o equipo reitoral ten sido sensible, axustándose sempre ao que a lei nos permite.

O reitor agradece a intervención de Inmaculada Anaya.

- Para favorecer a igualdade efectiva entre mulleres e homes facilítase a actividade investigadora das profesoras a tempo completo que finalicen o seu permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento (duración mínima dun ano); poderán solicitar unha redución da súa dedicación docente de ata o 100 % no primeiro curso académico desde a data de finalización dos permisos anteriormente citados, e unha redución de ata o 50 % no segundo curso académico despois da finalización da primeira redución autorizada. Esta redución da dedicación docente permitirá que as persoas que a desfruten poidan dedicarse ao desenvolvemento de actividades investigadoras.

- Para o PDI que teña cumpridos 63 ou máis anos na data de inicio do curso académico, o máximo de dedicación docente será de 230 horas.
- No caso do persoal investigador doutor contratado ao abeiro dos programas de excelencia, nacionais ou internacionais e de que a Universidade de Vigo perciba a correspondente axuda de estabilización pola creación de postos de traballo de carácter permanente, terá dereito a un recoñecemento de 30 horas por curso durante tres cursos académicos. O dito recoñecemento será efectivo a partir do curso inmediatamente seguinte ao da toma de posesión da persoa interesada como profesorado titular.
- O recoñecemento de horas previsto no parágrafo b) da cláusula segunda “Cobertura de docencia vacante” e no parágrafo segundo do anexo III “Mobilidade intercampus” das Normas de elaboración de POD da Universidade de Vigo (acordo do Consello de Goberno do 2 de marzo de 2023) realizarase segundo o establecido na normativa indicada.

Apróbase por asentimento.

#### **5. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2024/25.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa da aprobación por asentimento na mesa de negociación do 16 de outubro de 2023 e na COAP do 20 de outubro de 2023, dos criterios de elaboración da PDA para o curso 2024/25:

- Curso 2024/2025: Manter os mesmos criterios con pequenas modificacións que se poidan implantar.
- Actualización das datas e do nome da vicerreitoría.
- Elaboración da PDA de grao:
  - A petición de diversos centros:
    - Os grupos en inglés, xa figuran na PDA de acordo coa prórroga do Plan de internacionalización da docencia. **Mentres non se desenvolva o novo plan e en relación á planificación docente anual do curso 2024/2025, permitirase que se incorporen a este, materias con docencia en inglés coa condición de que se faga sen custo e que sexan impartidas, tras o acordo do departamento, por PDI que dispoña da capacidade docente e da acreditación mínima requirida.**
- Elaboración da PDA de mestrado:
  - As CAM elaborarán unha proposta de PDA da titulación de mestrado onde se indicará a distribución en grupos. Así mesmo, a proposta incluirá o número de prazas que se pretenden ofertar para o curso 2024/2025.
- Titulacións de doutoramento:
  - Referencia ao novo decreto RD 576/2023.

O vicerreitor engade, que polo que se refire ao ANEXO I: o recoñecemento de actividades de xestión e de apoio nos centros/campus: 9) Os recoñecementos recollidos neste anexo só se poderán aplicar ao profesorado con vinculación permanente e axudante doutor e axudante. ~~Excepcionalmente, por petición razoada dos centros, a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado poderá~~

~~asignar algún destes recoñecementos a persoas que impartan docencia noutras figuras, sempre que así o aprobe a COAP.~~

9) Os recoñecementos recollidos neste anexo só se poderán aplicar ao profesorado con vinculación permanente e ao profesorado axudante doutor.

- **Profesorado asociado. Artigo 79.b) da LOSU:** A finalidade do contrato será desenvolver tarefas docentes a través das que acheguen os seus coñecementos e experiencia profesionais á universidade, naquelas materias nas que esta experiencia resulte relevante. **As ditas tarefas docentes no poderán incluír o desempeño de funcións estruturais de xestión e de coordinación.**

CENTROS E COMISIÓNS ACADÉMICAS DE MESTRADO:

- A.1.1. Coordinación e organización docente: Incluir responsables PIUNE.
- B.1.1. Coordinación e organización docente: Incluir responsables PIUNE.

COMISIÓNS ACADÉMICAS DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO:

- C.1.1. Coordinación e organización docente:
- 100 puntos + 5 puntos por estudante de novo acceso ao programa de doutoramento.

Apróbese por asentimento.

**6. Aprobación, se procede, do teito de horas destinado a actividades de xestión e apoio nos centros/campus para o curso 2024/25.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa acerca da Bolsa de horas 2024/2025, que foi aprobada por asentimento na COAP do 20 de outubro de 2023:

Centros	9270
Mestrado	2800
Doutoramento	1450
Campus de Excelencia	480
	<b>14.000</b>

Este equipo de goberno tenta manter a mesma bolsa de recoñecementos que había, mantendo o mesmo número de horas que había.

Apróbese por asentimento.




## 7. Aprobación, se procede, do plan de formación do novo profesorado 2023/25.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen sinala que a aprobación foi por asentimento na mesa de negociación do 16 de outubro de 2023 e na COAP do 20 de outubro de 2023.

- Polo que refírese aos antecedentes, Artigo 67 da LOSU: As universidades garantirán a formación inicial e continuada do seu profesorado. Así mesmo, establecerán plans de formación inicial e de formación ao longo da vida que garantan a mellora profesional do seu persoal docente e investigador, nos distintos ámbitos de especialización da actividade universitaria, no marco da planificación estratéxica e das prioridades das propias universidades en materia de formación.
- Artigo 78 b) LOSU: Para o desenvolvemento da súa capacidade docente **o profesorado axudante doutor deberá realizar, no primeiro ano de contrato, un curso de formación docente inicial** cuxas características serán establecidas polas universidades, de acordo coas súas unidades responsables da formación e da innovación docente.
- Artigo 78 F dos Estatutos da UVigo: O persoal docente ten dereito a formarse permanentemente, coa finalidade de garantir unha mellora da súa capacidade docente e investigadora.
- Artigo 79 A dos Estatutos da UVigo: O profesorado ten dereito a actualizar e renovar os seus coñecementos académicos, así como a súa metodoloxía pedagóxica.
- Obxectivo 4 do Plan estratéxico da UVigo: Potenciar o desenvolvemento de competencias e de capacidades transversais no profesorado, con especial énfase no ámbito das metodoloxías educativas, da pedagogía e do uso de recursos dixitais.

O vicerreitor presenta tamén unha análise das universidades públicas españolas do profesorado novel, na que analizáronse 47 universidades públicas españolas, das que se descartaron: UNED, Universidad Menéndez Pelayo e Universidad Internacional de Andalucía:





#### Características do Programa:

- Estruturas moi diversas:
  - Inclusión do profesorado novel en programas de formación permanente.
  - Programas dun só curso ou de varios.
  - Títulos propios (tres universidades: Córdoba, Huelva e Rovira e Virgili).
- Características máis comúns:
  - Flexibilidade.
  - Mentoría.
  - Destino profesorado con vinculación non permanente cun número máximo de anos na institución e persoal investigador con carga docente.

#### Proposta de programa de formación do novo profesorado da UVigo:

##### a. Liñas prioritarias:

- Competencias docentes.
- Competencia de pertenza institucional.
- Competencia de innovación.
- Competencias transversais.
- Resultados de aprendizaxe.

##### b. ¿A quen vai dirixido?

- Profesorado axudante doutor.
- Profesorado permanente laboral.
- Persoal investigador con carga docente.
- Persoal docente de centros adscritos nos que se reflicte expresamente nos convenios de colaboración.
- Prazas vacantes:
  - Persoal investigador sen carga docente.

##### c. Criterios de selección:

- Orde de inscrición.
- Preferencia de tempo completo sobre tempo parcial.

Figuras:

- Profesorado axudante doutor de primeiro ano.
- Resto do profesorado axudante doutor, permanente laboral e persoal docente de centros adscritos nos que se reflicte expresamente nos convenios de colaboración.
- Persoal investigador con carga docente.

O que se consegue con estes programas:

- Acreditación da formación:
  - FAI CONSTAR da vicerreitoría con competencias sempre e cando se:
    - Cumpran os requisitos necesarios para cada acción.
    - Supere a formación ao finalizar.
- Duración:
  - 10 créditos ECTS .
  - Dous anos académicos.

Estrutura do programa de formación do novo profesorado da UVigo:

1.º ANO ACADÉMICO

Curso de formación inicial para a docencia – 5 ECTS

2.º ANO ACADÉMICO

Curso do programa de formación permanente do profesorado – 5 ECTS

OPTATIVO: Desenvolvemento do proxecto educativo mentorizado – 3 ECTS

FUNCIÓNS DO PROFESORADO MENTOR:

- Asesorar o profesorado novel en temas relacionados coa xestión administrativa e o desenvolvemento da docencia.
- Colaborar para facilitar a incorporación progresiva á universidade, ao centro e ao departamento.
- Guiar a programación e realizar seguimento do proxecto de docencia.
- Participar na avaliación do proxecto de docencia.

REQUIRIMENTOS DO PROFESORADO MENTOR:

- Ser PDI a tempo completo e con vinculación permanente coa Universidade de Vigo.
- Obter unha cualificación no DOCENTIA polo menos de NOTABLE ou equivalente ou unha cualificación nas enquisas de avaliación docente igual ou maior que a media da universidade.
- Participar nalgún grupo de innovación docente.



#### RECOÑECEMENTO DO PROFESORADO MENTOR:

- Certificación da Universidade de Vigo.
- Recoñecemento na súa avaliación docente (DOCENTIA).

Apróbase por asentimento.

#### **8. Aprobación, se procede, da modificación do manual DOCENTIA segundo protocolo ACSUG.**

Aprobado por asentimento na mesa de negociación o 16 de outubro de 2023 e na COAP do 20 de outubro de 2023.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa da modificación do Manual DOCENTIA:

- Cambios debidos á modificación do protocolo ACSUG.
- Substitución nos períodos de “anos” por “convocatorias”.
- Nos criterios de avaliación, incorporación dos apartados de “profesionalización” e de “orientación á mellora continua”.
- Creación de novos epígrafes: “causas de exclusión da avaliación” e “difusión de resultados” (xa estaban incluídos pero en diferentes apartados) , autoinforme do profesorado do material docente (incorporación dos apartados de boas prácticas).

Apróbase por asentimento.

#### **9. Aprobación, se procede, da normativa sobre Programas Académicos con Percorridos Sucesivos no ámbito da Enxeñería e da Arquitectura.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa que foi aprobado por asentimento na reunión da COAP do 20 de outubro.

#### ANTECEDENTES:

- Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, disposición adicional novena: as universidades poderán ofertar como experiencia docente piloto, programas académicos como percorridos sucesivos, que vinculen un título de grao e un título de mestrado universitario orientado á especialización profesional, mantendo a súa diferenciación e independencia estrutural.
- Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, disposición adicional novena (apartado 3): as universidades poderán establecer, mediante unha normativa aprobada polos seus órganos de goberno, un procedemento para o acceso aos estudos oficiais de mestrado universitario destes programas sen ter superado o grao vinculado.

- Protocolo REACU do 3 de febreiro de 2022 e modificado o 6 de febreiro de 2023: precísanse as directrices que deben cumprir estes programas académicos e a normativa universitaria que os regule.
- Proposta de normativa da Universidade de Vigo: exposición pública á comunidade universitaria durante un mes (a dita exposición rematou o 17 de outubro de 2023).

#### CRITERIOS XERAIS:

Un PARS vincula un título de grao e un título de mestrado universitario orientado á especialización profesional.

O PARS non constitúe unha nova titulación, senón que proporciona itinerarios curriculares específicos que permiten cursar as dúas titulacións oficiais vencelladas preexistentes de forma parcialmente simultánea.

A denominación do programa académico non poderá inducir a confusión coa habilitación profesional á que poidan conducir os títulos que o integran: “Programa académico con percorrido sucesivo en M vía G”, onde “M” é a denominación específica do mestrado universitario vinculado e “G” a denominación específica do grao vinculado.

O estudantado que remate o PARS obterá os dous títulos vencellados.

No deseño do PARS non se poderá vencellar un título de grao con outro de mestrado universitario que requira complementos de formación para acceder desde o grao vinculado.

O estudantado poderá realizar traballos integrados de fin de grao e de fin de mestrado; deberán ser traballos diferenciados, pero con continuidade no proceso de elaboración.

#### SOLICITUDE E IMPLANTACIÓN:

- O centro responsable presentará ante a COAP unha solicitude dentro do calendario establecido para as declaracións de interese da tramitación de verificación e modificación de títulos de grao e mestrado.
- A solicitude incluírá a seguinte documentación:
  - Solicitude de aprobación e implantación do PARS.
  - Memoria para a presentación das propostas do PARS.
- A solicitude de aprobación e implantación do PARS deberá ser aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo, coa aprobación previa da xunta de centro responsable do grao vencellado e pola comisión académica do mestrado xunto co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP).
- A proposta do PARS deberá ter sido informada favorablemente pola ACSUG, con anterioridade a súa implantación.
- A responsabilidade académica sobre os PARS, unha vez aprobados polo Consello de Goberno da universidade e informados favorablemente pola ACSUG, corresponderalles aos



centros da Universidade de Vigo responsables do grao que integra o programa. Na solicitude de avaliación remitida á ACSUG figurará como responsable do título a persoa responsable do decanato ou da dirección do centro do grao correspondente.

#### PROCESO DE ADMISIÓN E DE MATRÍCULA:

O estudiantado pode solicitar o seu ingreso nun PARS segundo o procedemento previsto na normativa que regula a admisión e a matrícula no grao que forme parte do PARS. No marco da oferta anual de prazas de novo ingreso da Universidade de Vigo, poderase fixar unha oferta específica de prazas para os PARS.

Permitiranse o acceso e a matrícula no mestrado desde o grao vencellado, cando o estudiantado teña materias pendentes pertencentes ás indicadas na memoria do programa, incluído o TFG, sempre e cando non sume no seu conxunto máis de 30 créditos ECTS, nos termos indicados na normativa de admisión e de matrícula en estudos universitarios oficiais de mestrado da Universidade de Vigo.

Cando os títulos que compoñen o PARS establezan nos seus requirimentos de acceso un nivel de competencia en idiomas estranxeiros determinado o estudiantado deberá acreditar o dito nivel no momento da admisión no título que o requira.

En ningún caso se poderá obter o título de mestrado universitario se previamente non se obtivo o título universitario oficial de grao.

Establécese a prohibición de reserva de praza nos mestrados implicados no PARS para aquel estudiantado que o curse desde o grao.

O estudiantado que curse un PARS poderá abandonalo en calquera momento tanto se está matriculado no grao como no mestrado universitario.

#### MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN:

- A solicitude de modificación do PARS deberá seguir o procedemento descrito nos artigos 4 e 5 da normativa.
- A solicitude de extinción do PARS deberá ser aprobada, nun documento único, pola xunta de centro responsable do grao vinculado e pola comisión académica do mestrado e elevada á vicerreitoría con competencias para a súa tramitación a través da COAP.
- A solicitude de extinción será finalmente aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo, co informe previo da COAP e deberá prever medidas transitorias para garantir os dereitos académicos do estudiantado admitido no PARS para a finalización dos seus estudos.



#### EXPEDICIÓN DE TÍTULOS:

- A superación do PARS non supón a obtención dun único título conxunto para os estudos de grao e de mestrado universitario. O estudiantado poderá solicitar a expedición de cada un dos títulos independentemente.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL:

- Poderán impulsarse programas académicos de percorrido sucesivo de carácter interuniversitario. Neste caso deberase asinar un convenio de colaboración académica entre as universidades participantes no PARS.

#### DISPOSICIÓN FINAL:

- A Universidade de Vigo poderá ofertar PARS como experiencia docente piloto a partir do curso 2024/2025, sempre que se teña rematado o procedemento definido no artigo 5.

Intervén Rebeca Pilar Díaz Redondo, a directora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, para preguntar dúas dúbidas: a primeira, respecto as datas, xa que aínda que se mencionou o 17 de novembro, ela pensaba que era o 24 de novembro, como así é en realidade. A segunda cuestión é sobre se temos ou non unha memoria; Alfonso responde que subirase unha memoria despois do Consello de Goberno. Rebeca agradece a resolución das dúbidas, e Alfonso lle agradece as alegacións presentadas pola Escola, que melloraron o programa.

Apróbase por asentimento.

#### **10. Aprobación, se procede, das modificacións da normativa de sinatura científica.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen explica que o motivo é incluír aos Institutos de Investigación.

Os cambios propostos son:

- No apartado de “Formas de recoller o nome da institución”:
  - Substituír onde pon “agrupación estratéxica e centros de investigación” por “agrupación estratéxica, institutos de investigación e centros de investigación”.
  - Eliminar “instituto” na frase pode utilizar como unidade secundaria ou grupo de investigación, o departamento ou o instituto.

Aprobación por unanimidade na Comisión de Investigación do 23 de outubro de 2023.

Apróbase por asentimento.

**11. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria de produción de investigación e transferencia do ano 2023.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, que refire que o que se pretende é incentivar a publicación en aberto.

Multiplicar por 1.2 a puntuación global:

Revista <b>TIPO A</b>	Nature, Science: Si nº autores < 5	60 puntos
	Si nº autores 5-20	48 puntos
	Si nº autores 20-50	30 puntos
	Si nº autores > 50	24 puntos
	AD1:	42 puntos
	A1:	36 puntos
	A2:	24 puntos
	A3:	18 puntos
	A4:	12 puntos
Revista <b>TIPO B</b>		5 puntos
Revista <b>TIPO C</b>		3 puntos
Revista <b>TIPO D</b>		1 punto

Modificar como se puntuán segundo o número de autores/as. Actualmente, penalízase os investigadores/as que publican con investigadores externos cando son poucos autores

**REDACCIÓN ACTUAL:**

En canto ao número de autores

- Os puntos asignados a cada mérito dividiranse entre o número total de autoras/es, e asignarase a cada investigadora ou investigador da Universidade de Vigo o que lle corresponda.  
Se o número de autores/as da Universidade de Vigo, é igual ou superior a un terzo do número total de autores/as, computarase o traballo como realizado na súa totalidade por autores/as da Universidade de Vigo, e dividirase a puntuación total do mérito entre estes.

Situación actual: os puntos asignados a cada mérito dividiranse entre o número de autores/as da Uvigo.

Proposta : Os puntos asignados a cada mérito dividiranse entre o número de autores/as e se hai colaboración externa, a puntuación global multiplicarase por **1,2**.

**Exemplo:**

Supoñemos unha publicación de cinco autores que vale 5 puntos.



Distribución autores/as	Situación actual	Proposta
<b>5 UVigo</b>	1 pto. autor	1 pto. autor
<b>3 UVigo + 2 externos</b>	1,6 ptos. Autor	1,2 ptos. autor
<b>1 UVigo + 4 externos</b>	1 pto. autor	1,2 ptos. autor

- C. Proxectos, colaboracións e convenios con empresas: mínimos de 20.000 € (científico-tecnolóxico) e 5000 € (resto) en vez dos 10.000 € / 3000 € actuais. Puntos mínimos 20 (coordinación), 10 (participación e ata 4) e 5 (participación e máis de 4).
- G. Resultados da creación artística: O ámbito determina a puntuación máxima que acadar:
  - Local: como máximo 1/5 da puntuación máxima do mérito (p. ex. máximo 9 dos 45 puntos posibles).
  - Provincial: como máximo 2/5 da puntuación máxima do mérito.
  - Autonómico: como máximo 3/5 da puntuación máxima do mérito.
  - Nacional: como máximo 4/5 da puntuación máxima do mérito.
  - Internacional: como máximo a puntuación máxima do mérito.

Aclaracións que incluír nos criterios da PT 2023:

- B.1. Participación en comités, comisións etc. formados por membros de relevancia internacional no seu ámbito de actuación. Definir “formados por membros de relevancia internacional” como, polo menos, tres membros de tres países distintos e proporcionar esa información na solicitude (moitas veces non é sinxelo coñecer a composición nin determinar a relevancia).
- K.1. Organización de congresos, xornadas, seminarios ou cursos de formación destinados a persoas externas á Universidade de Vigo (mínimo 9 horas, en vez das 5 actuais). Tamén, no caso de formar parte do comité organizador e do científico, a máxima puntuación corresponderase coa máxima das dúas (p.ex. 5 + 2 >= 5).
- Non aceptar documentación nova na fase de reclamación, xa que, ás veces, as reclamacións se corresponden con unha avaliación completamente nova.
- Non aceptar méritos nos que non se faga referencia á UVigo, xa que moitos méritos son actividades que o PDI da Universidade de Vigo fai de xeito independente da súa vinculación á UVigo.
- Outras aclaracións na recollida de méritos. Tamén se fixo xa unha nota aclaratoria para o de 2022.

Aprobación por unanimidade na Comisión de Investigación do 23 de outubro de 2023.

Apróbase por asentimento.

**12. Aprobación, se procede, dos parámetros de ponderación da proba ABAU para o curso 2024/2025.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen informa que hai que aprobar tódolos anos a proposta que sae da CIUG dos parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade para o curso 2024-25.  
Achégase en Anexo á presente acta.

Apróbase por asentimento.

**13. Aprobación, se procede, do nomeamento dun novo membro na Comisión de mobilidade internacional no sector de responsables de Relacións Internacionais dos centros da Universidade de Vigo: María del Carmen Otero Neira.**

O reitor informa que por un cambio no equipo decanal, a nova vicedecana de Relacións Internacionais da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais sexa quen asuma este cargo.

Apróbase por asentimento.

**14. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de Convivencia e Bo Goberno: 2 PTXAS.**

O reitor informa que no sector PTXAS presentáronse as candidaturas de **María Liliana Álvarez García** (Edificio Miralles – Campus de Vigo), e a de **Luis Torres Vázquez** (Escola de Enxeñaría Forestal), do Campus de Pontevedra, polo que non é necesario celebrar eleccións.

**15. Elección de representante na Comisión de Investigación e Transferencia delegada do Consello de Goberno: 1 PDI.**

O reitor informa que presentouse a candidatura de **Inmaculada Anaya Revuelta**, polo que non é necesario celebrar eleccións.

**16. Quenda de intervencións.**

Rebeca Díaz Redondo intervén para facer un rogo, xa que teñen un problema coa matrícula dun estudante que ven de fóra da Unión Europea nun grado da Escola, e neste contexto, o estudante, que ven de Turquía, tivo un problema co visado, e cando chegou, hai dez días, atopouse con que se matriculara nun título en castelán-galego, cando a matrícula que quería era en inglés. A resposta dos administrativos foi que non se pode matricular, e preguntando á Vicerreitoría de Internacionalización aínda está esperando unha resposta. O rogo é que se lle permita que poida matricularse no título en inglés. A vicerreitora responde que ten pendente unha reunión coa xefa do Servizo de Grao para que no futuro non volvamos ter unha situación deste tipo. O reitor intervén para dicir que se buscará unha solución, como se temos que cambiar a normativa. O vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente indica que a partir do ano que ven indicaranse o número de

prazas, pero poderán (os estudantes) matricularse en inglés ou castelán-galego sen quedar impedidos, xa que existirán ambas posibilidades.

O profesor García Cutrín intervén para facer dous comentarios: o primeiro, que é de xustiza salientar o esforzo para adiantar todo o proceso do POD, xa que é moi bo para os departamentos, e anima á vicerreitora de Profesorado e Organización Académica, porque está seguro de que xurdirán problemas novos que antes non había. Suxire que se poderían elaborar os PODs coma as PDAs con carácter retroactivo, explicando que, en lugar de elaboralo cos datos do ano inmediatamente anterior, facelo con datos anteriores resolvería moitas cousas. Débese pensar cara ao futuro. Outra cousa, este ano estamos tendo moitos problemas coas datas de ABAU, e deberíamos telo en conta no calendario académico. Xa o propuxera fai anos, e deberíamos telo en conta nesa primeira semana de xuño.

O reitor di que se fará o estudo desa posible retroactividade, así como a possibilidade de ter en conta as probas da ABAU no calendario académico. Toma nota a secretaria xeral.

A profesora Currás Valle intervén para falar do Campus da cidade, en Torrecedeira, por dúas cuestións. A primeira para chamar a atención da falta de seguridade que teñen no Campus. Recentemente tiveron algúns acontecementos moi desagradables, e botaron en falta non poder acudir á seguridade da Universidade. Por outra banda, a policía hai veces que acude, pero outras non vai. Non pide unha persoa de seguridade permanente, pero si que houbese algunha rolda, ou tamén un protocolo para usar para estes casos. Outra cuestión é que, coa nova RPT, quedaron sen rexistro, pero despois de reclamálo tiveron a unha persoa que abría o rexistro tódolos días. Agora xa non está, pero a secretaría de alumnado dese centro necesita atender ao alumnado estranxeiro que non ten acceso á administración electrónica, e teñen que desprazarse xa que non hai rexistro. Non entenden por que non se lles informou acerca de que ía desaparecer esta persoa.

O reitor lle responde que xa hai poucos postos de sede física, case todo está en sede electrónica. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade responde que agora o rexistro é virtual, e que se un estudante Erasmus ten que subir de Torrecedeira é unha oportunidade para coñecer o Campus. O tema da seguridade é un tema puntual, xa que non se pode poñer un vixiante de seguridade en cada edificio, pero si un apoio durante uns días de ser necesario; se pode prolongar para ver como se pode actuar. Consuelo Currás responde que non pretenden ter un vixiante de seguridade permanente, pero si que fagan roldas como fan polo Campus de Arriba, para acrecentar a seguridade do Campus da cidade.

Consuelo Pérez Vázquez solicita unha breve información sobre a sinatura das actas no programa Sigma: non atopou a ninguén que lle poida informar. Tivo que asinar unha acta dun estudante de fin de carreira, pero non ten nada claro o tema da sinatura. O reitor lle pregunta se recibiu un manual. Ela di que si, pero que non pon nada. O reitor lle pregunta se ao final pon que a acta está pechada, e Consuelo di que si, polo que o reitor lle informa que a acta está así asinada. Pregunta tamén o procedemento para emendar un erro nunha acta, e o reitor lle informa que faise igual que se facía con Xescampus. Se hai problemas de tipo técnico, hai que dirixirse ao equipo técnico de Sigma. O reitor agradece ao PDI que o está a facer moi ben no tema de SIGMA.

Miguel Fernández Simoes quere deixar constancia de que causou malestar a situación co Gabinete Psicopedagóxico. Xa tiveron reunións coa vicerreitora Maribel Doval, que lles transmitiu tranquilidade, pero un grupo de estudantes están a pedir soporte á CEUVI para rexistrar unha proposta. Suxire que se faga un breve comunicado de que se está a resolver a situación. Outro

tema, no que respecta ao rexistro físico, aínda que é virtual, é que chegan moitos casos de estudantes internacionais que non poden acceder á plataforma. Non está de acordo co vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, xa que a solución non pode ser que suban ao Campus dende a cidade. A solución máis doada sería relegar unha parte do rexistro para os campus mais periféricos, se ben entende que non é viable ter unha persoa en todos os centros para rexistro.

Por último, quere declarar que así como no anterior Consello de Goberno falara dos problemas de Sigma para o estudantado, agora mesmo mellorou moito o programa nas últimas semanas, polo que agradece o traballo feito nos últimos tempos.

O reitor responde que hai un esforzo importante con SIGMA, que o utilizan outras universidades públicas fai moitos anos, pero que sempre que hai un sistema novo existen atrancos, como pasou co galego, pero arranxouse en poucas horas. Sobre o rexistro físico, nalgún momento deixará de funcionar no campus central, teremos que mirar algunha solución de mellora para que sexa moito mais amigable para os estudantes que non teñen DNI. Con respecto ao Gabinete Psicopedagóxico, quedou deserto o concurso, entón fíxose un procedemento abreviado que aínda non rematou, pero estamos tamén a mirar alternativas por se non sae ben.

Inmaculada Anaya intervén a propósito da carta que referiu Miguel dun estudante da Facultade de Filoloxía e Tradución, xa que a Universidade de Vigo sempre mostrou unha sensibilidade especial con este sector (o tema do gabinete). Quere engadir que hai profesorado que está preocupado con este tema (Inmaculada Anaya é a responsable PIUNE do seu centro) e que tivo que escoitar moitas barbaridades, como que a Universidade de Vigo está disposta a saltarse a lei. Cónstalle que a vicerreitora Maribel Doval está disposta a atender ao alumnado con respecto a este tema. Cree que sería bo un comunicado, para que se vexa que a Universidade ten un claro compromiso con este tema, e unha solución.

O reitor engade que aspiramos a unha universidade igualitaria e inclusiva, e nese sentido valoraremos se enviar un comunicado.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.23 h. do día 30 de outubro de 2023, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral